

++

PROPOSTA PEDAGÓGICA

ARQUITECTURA POPULAR -II-



*Elementos básicos da
arquitectura popular*

S e r i e



Dirección **Mariló e Xulio Fernández Senra**

Secretaría **Fco. Xavier Álvarez Campos**

Coordina **Centro de Cultura Popular
"Xaquín Lorenzo Fernández"**

RAIGAME

Apdo. 484

Telf/fax: 988 249493

32080 - Ourense

e-mail: escdanza@depourense.es

www.depourense.es

Texto **Fernando Rodríguez Nespereira**

Ilustracións **Gilberto Rodríguez Nóvoa**

Deseño e Maquetación **Centro de Cultura Popular
"Xaquín Lorenzo Fernández"**

Edita



Impresión **Imprenta da Deputación de
Ourense**

Dep. Legal

Todos os dereitos de reprodución, adaptación, tradución ou representación dos textos, ilustracións e fotografías están reservados e só poderán ser exercidos por terceiros previa solicitude e correspondente permiso dos editores ou dos autores.



ELEMENTOS BÁSICOS DE ARQUITECTURA POPULAR

OS OCOS DE FACHADAS E AS SÚAS LUMIEIRAS.

TIPOLOXÍA DE PORTAS E XANELAS.

VOOS.

(Esta proposta pedagóxica baséase nun estudo, feito na Ribeira Sacra Ourenzá que presenta unhas características propias e específicas pero que, en xeral, entendemos que nos pode servir de exemplo aplicable á arquitectura popular de toda Galicia)

Nas plantas baixas sitúanse ocos máis grandes para as portas de cortes, trasteiros e adegas deixando unicamente uns ocos de pequenas dimensións chamados “buratas” que son exclusivamente para ventilación, e dos que existe unha ampla tipoloxía, segundo o fin a que se destinen estes espazos.

Nesta pequena proposta pedagóxica desmenuzamos algúns elementos de arquitectura popular: disposición e forma dos ocos das fachadas, tipoloxía de portas e xanelas e voos das primeiras plantas das vivendas rurais.

OS OCOS DE FACHADAS E AS SÚAS LUMIEIRAS

En moitas ocasións, os ocos das fachadas son pequenos e proporcionados, como corresponde a unha edificación austera, e só son máis grandes -ás veces até o chan- no caso de pazos ou casas grandes. Os muros de mampostería ordinaria, executados con pedras pequenas, ou os de laxa de xisto, teñen pouca consistencia pola falta de ligazón que empregaban para xuntar as pedras. Por esa razón e tamén pola pouca importancia que se lle daba ás habitacións da casa (ás que só se entraba para dormir), os ocos practicados nos muros para luz e ventilación son pequenos e contados.

É moi frecuente atopar habitacións ou cuartos nas vivendas que, aínda dando á fachada, non dispoñen de xanelas ao exterior.



***Os ocos das fachadas son
pequenos e proporcionados,
como corresponde a unha
edificación austera.***



Os ocos
“abofinábanse”,
é dicir, rasgábanse en
forma inclinada até o inte-
rior para favorecer no
posíbel a entrada da
luz no interior
da vivenda



Estos ocos das plantas baixas son amplos, xeralmente para albergar dúas follas, con medidas que permitan a entrada e saída dos carros.

Nos muros de planta alta practícanse ocos bastante modulares, que varían entre 0,80 e 1,00 m. de longo por 1,00 ou 1,20 m. de alto, nos que logo se colocarán pola cara exterior do muro dúas follas acristaladas, divididas xeralmente en dous ou tres panos de cristal. Levan contras de madeira pola cara interior do muro de pechamento, facendo tope nun típico rebaixe feito na pedra. Como queira que o grosor dos muros (entre 0,60 e 0,70) impide no seu antepeito asomarse polas fiestras e ademais dificulta chegar coas mans ás xanelas que están pola cara externa, os antepeitos destas fiestras execútanse con paredes dunha folla só, da metade de espesor e de mellor calidade que o resto do muro, permitindo que un se poida asomar e así acceder á xanela con relativa facilidade.

Os ocos “abofinábanse”, é dicir, rasgábanse en forma inclinada até o interior para favorecer no posíbel a entrada da luz no interior da vivenda e para que non estorben as contras ao estaren abertas e plegadas contra os muros. As lumieiras dos ocos resólvense con pedra de mellor calidade e mellor labrada. Poden ser enteiras ou con pezas de pedra independentes con “clave” no medio. No caso de xambas laterais o recercado de ocos é de pezas enteirizas ou trabadas.

Existe unha grande variedade de lumieiras, resaltando a forma xeralizada de realizar a lumieira coa súa peza de clave na segunda fila enriba do oco, deixando un espazo libre a modo de ranura entre esta e a “lumieira” para que non cargue o peso nesta primeira pedra. Deste xeito impídese que se rompa a pedra enteiriza que remata o oco pola súa parte alta.

Os recercados das xanelas varían desde os de pedra granítica e os de pedra pizarrosa



até os máis humildes de madeira con lumieiras do mesmo material.

TIPOLOXÍA DAS PORTAS E XANELAS


Hai unha grande variedade de tipoloxías de portas e xanelas. Os portalóns de entrada a pazos ou casas importantes eran de grande tamaño e altura, variando entre os 2,00 ou 3,00 m. de alto, con remates similares aos dos cabaceiros e en moitas ocasións con telladiños por riba das portas. Estas medidas veñen condicionadas pola entrada ao patio ou curro de carros cargados de leña, estrume, herba, etc.

A porta era de dúas follas iguais ou unha máis grande ca outra, sendo a pequena

empregada para o paso das persoas. Outro modelo constitúeo o portalón con dúas follas e unha pequena para persoas, incunstrada nunha destas. As portas eran de madeira maciza, sendo as taboas de 3 a 4 cms. de grosor, reforzadas con longueiros de sección cuadrangular en forma de “Z”, colocados con grandes cravos. Estas portas levan elaborados ferraxes así como tiradores e petadores.

As portas de entrada á vivenda propiamente dita, estaban feitas con fortes e consistentes taboas de 0,90 x 1,00 m. de ancho e de pouca altura, entre 1,80 e 2,00 m. Esta porta é enteiriza, ás veces con oco para os gatos ou un furado para ver a persoa que peta. Outras veces a porta divídese horizontalmente pola metade coa intención de ter a parte máis alta aberta para recibir luz e a de abaixo pechada para impedir a entrada dos animais.

As portas das cortes son sinxelas, na maioría dos casos, sen ningunha



Os recercados

das xanelas varían

desde os de pedra

granítica e os de pedra

pizarrosa até os máis


humildes de madeira

con lumieiras do

mesmo material.



***O acristalamento
faise pola cara externa,
rematando o cristal con
masilla. Deste xeito a auga
que golpea as xanelas polo
exterior non pode entrar ao
interior da vivenda, pola
disposición do rebaixe
onde asenta o cristal.***



elaboración artesanal. Os “pechos” e pechaduras son xeralmente moi primitivos.

As portas das habitacións son, na maioría dos casos, unhas simples táboas verticais colocadas a tope, atirantadas con escuadras de madeira que as xunguen, colocadas pola parte traseira onde se ubican as bisagras de grande magnitude e tosca elaboración. Estas portas xeralmente pechan mal e están curvadas e tortas. Poucas veces a porta de acceso a unha dependencia interior é elaborada ou artesanal. Só nos pazos ou casas grandes atopamos portas entreteixidas con entrepanos rebaixados, formando figuras xeométricas.

As xanelas son sinxelas, con perfil de madeira delgada, que permiten un bo paso de luz polo reducido dos seus ocos. Cantos menos entrepanos teñan mellor será a iluminación. O máis frecuente é que estén distribuídas en dous ou tres panos acristalados de 30 x 40 ou 40 x 40 cms.


Un dato curioso é que o acristalamento faise pola cara externa, rematando o cristal con masilla. Esta circunstancia xustifícase

se pensamos que deste xeito a auga que golpea as xanelas polo exterior non pode entrar ao interior da vivenda pola disposición do rebaixe onde asenta o cristal.

VOOS

Os voos son elementos moi singulares, executados con valentía e destreza. En zonas con altitude media e baixa existen na maioría das construcións rurais voos na súa planta alta, de varios tipos diferenciados. Cando o acceso á vivenda se fai polo exterior e desemboca nun voo na planta primeira, é moi frecuente atopar corredores, galerías, solainas ou patíns. Tamén de forma independente e no caso das casas grandes, pazos e casas da estrada, atópamos balcóns aillados de pequenas dimensións, que proporcionan un toque particular ás fachadas.

Existe unha variedade moi rica de apoios dos voos, tanto verticais en forma de pés dereitos, como realizados en ménsulas. Pola súa beleza merecen atención especial. Podemos clasificalos polo tipo de materiais empregados na súa construción.




Cando o acceso á vivenda se fai polo exterior e desemboca nun voo na planta primeira, é moi frecuente atopar corredores, galerías, solainas ou patíns.

Voos de pedra

Utilízase pedra de granito, tanto no solo como nos canzorros ou columnas de apoio. Corresponden ás mellores casas, como son as casas grandes ou os pazos. O seu uso céntrase en solainas, case sempre pechadas pola súa parte baixa, corredores, galerías e balcóns independentes. As pedras do solo poden estar dispostas paralelas á fachada. Van, cada dous ou tres metros, apoiadas en canzorros de pedra.

É de destacar a potencia, fortaleza e beleza dos canzorros empregados en moitos voos, algúns até con tres filas de pedras independentes en forma de escaleira decrecente. Non sendo as solainas, os voos de pedra están pechados, case sempre,


con varandas metálicas de boa calidade, ben independentes ou con apoios para o teito. A utilización da forxa metálica nas varandas é relativamente recente, sendo a varanda de madeira un elemento de utilización moi anterior á de forxa.



Nas mellores casas, pazos e casas grandes, utilízase pedra de granito, tanto no solo como nos canzorros ou columnas de apoio.



**É de destacar
a potencia, fortaleza
e beleza dos canzorros
empregados en moitos
voos, algúns até con
tres filas de pedras
independentes en
forma de escalei-
ra decrecente.**



Voos de estrutura de madeira

Nas aldeas ribeireñas abunda moito este tipo de voo que parece prolongar a casa até o exterior. As potentes vigas de madeira do piso da casa, colocadas cada 2 ou 3 m., saen ao exterior traspasando o muro e voando entre 0,80 e 1,20 m. a modo de ménsulas de madeira. En moitos casos refórzanse na punta con codais empotrados na parede.

Nalgunhas zonas altas péchase o fronte do corredor cun entaboadado de madeira, moi rústico, para evitar o aire frío, formando así un curioso voo pechado até a altura da varanda, ou até o teito, aproveitando o seu interior para un cuarto trasteiro.

Voos con estrutura mixta

Algunhas veces, os voos de madeira que forman os corredores ou galerías son moi atrevidos no seu ancho, o que fai que as ménsulas non podan soportar todo o peso,

polo que se precisan uns apoios na punta. Estes apoios fanse por medio de columnas de pedra cuadradas ou redondas. Moitas veces a beleza das columnas non corresponde coa rusticidade do voo e isto é debido a que eran orixinarias doutras construcións máis elaboradas.

Atendendo ao uso dos voos podemos clasificalos en corredores, galerías, patíns e solainas.

Corredores. Son voos sobre a planta baixa que están situados a continuación das escaleiras de entrada ou de forma independente noutras fachadas. Recoñécense de seguida porque a eles dan as portas de acceso a dormitorios ou salas. Podémoslos considerar como pasillos de comunicación, coa particularidade de seren exteriores.

Acostuman ser estreitos, cubertos e con varandas de madeira ou metálicas. É unha estancia moi apreciada en diversas zonas de Galicia. Cumpre varias funcións. É o escaparate da casa polo que se asoma o




As potentes vigas de madeira do piso da casa, colocadas cada 2 ou 3 m., saen ao exterior traspasando o muro e voando entre 0,80 e 1,20 m. a modo de ménsulas de madeira. En moitos casos refórzanse na punta con codais empotrados na parede.



campesiño á rúa e desde onde fala e saúda aos veciños. Mais a misión principal cumprea ao protexer do sol a fachada de pedra a onde dan as habitacións, impedindo que o sol alto do verán quente en exceso os paramentos e transmita calor ao interior. Nos días de choiva en inverno, dada a oscuridade existente no interior da casa, poden rea-

lizarse nesta estancia tarefas domésticas ao abrigo das inclemencias do tempo.

Galerías. Sábese que as galerías chegaron a Galicia cara o S. XVIII, e en realidade empezáronse a estender polo noso país de forma estandarizada a partires do S. XIX coa fabricación do cristal plano.



Algunhas veces, os voos de madeira que forman os corredores ou galerías son moi atrevidos no seu ancho, o que fai que as ménsulas non podan soportar todo o peso, polo que se precisan uns apoios na punta.



PROPOSTA PEDAGÓXICA: ARQUITECTURA POPULAR

É un volume pechado, integrado harmoniosamente na casa que ten no seu fronte e laterais paredes acristaladas con follas corredeiras en forma de guillotina e panos despezados cuxa misión é favorecer o aillamento e aclimatación da vivenda. Capta e retén o calor no inverno. No verán crea unha cámara previa que protexe e tapa do sol. Ventilase con frecuencia para evitar que se requente.

Podemos clasificar a forma de implantación destes voos e acristalados en varias tipoloxías:

- Antigos corredores pechados posteriormente con galería.
- Galerías construídas ao longo de toda a fachada e conformando orixinalmente unha dependencia máis da casa.
- Galerías producidas polo peche de miradores ou balcóns independentes.
- Galerías reformadas pechando o entrepano baixo para lograr un maior aillamento.


Esto acontece nas zonas altas, onde o clima é moi riguroso.

A galería pasou a ser unha habitación pechada e acristalada a partir dun voo aberto, case sempre en corredor, a fin de protexer a casa das inclemencias do tempo. Pasa a ser unha peza máis da casa que onde o ancho o permite, serve para facer vida como calquera outra dependencia.

Patíns. É o patín un elemento sinxelo, non por iso menos importante. Constitúe o descanso que existe no acceso á porta de entrada das casas rurais. Pode estar protexido pola prolongación do tellado ou descuberto. Está executado no solo con grandes lousas de pedra de granito, apoiadas en muros laterais, emplazadas a continuación de escaleiras exteriores dun só tramo de menos de dez pasos.

Este elemento construtivo usábase para, ademais de acceder ao interior da casa, sentarse á chegada das tarefas do campo e

A galería pasou a ser unha habitación pechada e acristalada a partir dun voo aberto, case sempre en corredor, a fin de protexer a casa das inclemencias do tempo. Serve para facer vida como calquera outra dependencia.





descansar antes de entrar na vivenda. Tamén era utilizado como lugar de reunión cos veciños, sobre todo no verán.


Solainas. É unha curiosa peza da casa rural. Xeralmente descuberta -chámase solaina porque recibía sempre os raios do sol-, orientada ao Este ou Sur, con solo de pedras longas de perpiaño apoiadas sobre outras pedras de canto, colocadas aproximadamente cada 1,50 m. Ao estar apoiadas no muro da casa por un extremo e en grosas columnas de pedra polo outro, permítí-an crear debaixo delas unha especie de cobertizo aberto, onde se gardaría ferramenta e outros trastos ao resguardo da choiva.

Outras veces, esta solaina está pechada na súa planta baixa para utilizar como cortello ou trasteiro. Este non é un elemento construtivo moi extendido pero pódense atopar exemplos moi interesantes.

Os voos están cubertos case sempre pola prolongación do tellado, executada co mesmo pano de cuberta que ven desde atrás e apoiada en pequenos pilares de madeira que descansan nas ménsulas dos voos e conforman a estrutura básica dos balcóns ou corredores.

Remataremos indicando que nas zonas altas, onde se dá a tipoloxía da casa de montaña, apenas aparecen voos. As construcións acostuman a ter as súas fachadas planas e con escasos ocos. O clima é condicionante desta variedade de tipoloxías.

Os voos, de todos os tipos e funcións antes descritos, forman un conxunto interesante e son os elementos de arquitectura rural que máis caracterizan a unha tipoloxía determinada. Por iso son merecedores dun estudo máis detallado e dunha axeitada conservación. ■



***Os voos están cubertos
pola prolongación do tellado,
executada co mesmo pano de
cuberta que ven desde atrás e
apoiada en pequenos pilares
de madeira que descansan
nas ménsulas dos voos e
conforman a estrutura
básica dos balcóns
ou corredores.***



Raigame